

MEMORIA DE PROXECTO

Orixe da participación:

A presente proposta do borde marítimo, fíxose cun grupo pluridisciplinar de arquitectos e educadores que, apoiándose na súa faceta de ensino, propoñen elaborar unha proposta dende a visión dos alumnos, cos cales comparten obradoiros de carácter arquitectónico.

Dende hai uns anos, vemos facendo uns obradoiros de traballo arquitectónico, con rapaces de diversas idades, que teñen inquedanzas sobre o tema, polo cal, a temática non é descoñecida polos nenos nin moito menos polos educadores, que ademais moitos deles, exercen a profesión da arquitectura.

Aproveitando dita experiencia acumulada, e tendo lugar ista convocatoria na cidade na que residimos a meirande parte de nós e os nenos, necesitabamos aportar a nosa visión coa nosa metodoloxía.

Nesta sociedade actual, téndese a infravalorar, diría mais, desprezar, a dous sectores dos cales formaremos parte nalgún momento da nosa vida, é a terceira idade e a infancia, e dicir ós avós e ós nenos, a experiencia e o futuro; pois ben, nós imos intentar transmitir a cidade que pensan os nenos, o futuro de todos nós, queremos ser altofalantes das voces menos escoitadas da sociedade...e probablemente, vexamos cousas que polo menos deberíanos facer reflexionar ó conxunto da sociedade.

A nosa labor desenvolveuse durante 2 meses, nos cales fomos facendo diversas análises da cidade, cos correspondentes faladoiros onde xurdían as ideas que posteriormente iríamos plantexando no mapa que construímos para o traballo.

Pódese dicir, que é unha cidade pensada polos nenos e para tódolos cidadáns, escoitando e fundamentando os seus plantexamentos, conseguimos elaborar a súa (que tamén é a nosa) proposta da nosa cidade.

Metodoloxía de traballo:

Unha vez feitas as diversas análises da cidade, e anotando tódalas ideas xurdidas dos diversos faladoiros que fixemos, pasou o momento de levalo ó plano.

Fixemos unha maqueta de representación da cidade, a unha escala de 1:1000, a construción da propia maqueta, foi a mellor análise que puidemos facer:

- Debuxo da contorna da cidade, proceso no cal vese a importancia e presenza que ten o mar nesta cidade, e un ismo que avanza nunha xigantesca masa de auga.
- Trazado das vías principais da cidade.
- Representación dos espazos libres máis representativos da mesma, diferenciando zonas verdes de pavimentadas.
- Ubicación dos fitos máis importantes da cidade (Concello, Torre de Hércules, Castelo de Santo Antón...)
- Representación da trama da cidade empregando bloques de madeira de diferentes tamaños, en función do barrio da cidade, póñense as pezas de diferentes tamaños e organización.

Durante a construción da propia maqueta xurdiron moitas ideas, que fomos anotando e desenvolvendo de xeito máis concreto, neste proceso establecéronse diversas zonas de actuación.

Unha cousa que gustounos moito, é que a ningún neno, pasouselle pola cabeza facer ningún centro comercial nin cousa parecida, co cal estamos en total acordo; falouse de facer pequenas tendas especializadas, mercados eventuais tradicionais con periodicidade establecida; cousas que unan e fagan vivir ós cidadáns na cidade. O espazo público empregado con cousas útiles e necesarias para a vida cotiá, é o que dá calidade e interés a unha vila.

Os usos xerais que plantexasen nesta intervención son os amosados no seguinte gráfico:

Distribución de usos



Cabe resaltar a importancia que dase ó lecer, entedemos, que ceder espazo da cidade para esta actividade, é moi saludable para a alma da cidade, unha cidade feliz, é unha cidade que funciona, onde se progresa como persoa e cidadán.

Nos diversos sectores do ámbito, plantexáronse as seguintes intervencións:

- Edifícios de titularidade pública destinados ó uso público da cidadanía, centros sociais e de lecer.
- Xardín botánico.
- Pasarelas e plataformas na zona do porto de Oza.

- Árbores e zonas verdes.
- Parque sucio, este termo comprende explicalo, os nenos estrañan espazos onde poder mancharse, estar en contacto coa natureza, pezas como os areneiros que desaparecen pola sociedade aséptica que estamos facendo, os nenos os reclaman, queren sentir, tocar, feder, cheirar...vivir.
- Zona de lecer con mirador e museo.
- Aproveitamento das edificacións existentes, as lonxas son edificios a manter ó igual que a súa actividade pesqueira, non queremos un parque temático como cidade; pódense facer ideas inxeniosas con facer montañas vexetais enriba dos mesmos.
- Xogos infantís de poleas e tirolinas, reclámense xogos e actividades que teñan certo risco e interese, que aportan algo de aventura, incluso con caídas que favorezan ó seu desenvolvemento, estas cidades de sobreprotección, tampouco as queren.
- Zonas de uso infantil, libre de adultos. Necesítanse espazos onde poidan desenvolverse, onde eles sexan os protagonistas sen adultos.
- Zonas de risco controlado.
- Hortas urbanas e piscinas de auga doce e salada.
- Ponte para unir toda o ámbito do porto para poder facer percorridos máis flexibles e áxiles, a ponte será xiratoria para permitir o paso dos barcos de maior porte que atracan no porto.
- Piscina de buceo con zona central de acuario.
- Viviendas circulares en torre con cubertas axardinadas e baixos libres.

Cabe sinalar a proposta de pechar o porto cunha ponte que una a zona do parroto co peirao de San Diego, facilitaría as conexións peonís e entenderíase o ámbito do porto como un todo anexionado a cidade, para que sigan accedendo á cidade os trasatlánticos, esta ponte sería xiratoria para o paso dos mesmos.

A proposta presentada é o reflexo do que lles gustaría ter ós futuros cidadáns da Coruña, feita mediante as reflexións, e tutelados con educadores e profesionais da arquitectura.

Dentro das bases do concurso, facíase referencia a uns epígrafes para incorporar na memoria, deles, faremos referencia ó apartado e) Participación cidadán; o xermen

da presente proposta, é a participación dos cidadáns, parécenos moi importante escoitar a tódolos grupos de idade que compoñen á cidade, os profesionais da materia, deberíamos interpretar e materializar a ideas que xurdan do conxunto da cidadanía.